BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

**Grupo Municipal**
**RIBEIRA**

**FRANCISCO AYASO BRETAL,** Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)** neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa **dotación de Casas de Cultura.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Casas de Cultura son espazos de convivencia cidadá, centros de dinamización que permiten descentralizar as actividades culturais e acercalas ás diferentes parroquias e ás persoas de tódalas idades. En este sentido son múltiples as actividades que terían que desenvolver para que funcionaran como verdadeiros centros de cultura.

Non todas as parroquias do concello de Ribeira teñen Casa de Cultura nin sequera algún local no que se poida desenvolver as actividades pertinentes.

Asemade naquelas parroquias onde hai Casas de Cultura ou ben están infrautilizadas e deterioradas polo abandono (humidades, portas rotas, sucidade, ...) ou incluso pechadas durante todo o ano servindo só, nalgún caso, como almacén de material do concello.

A todo isto hai que engadir que o goberno municipal non ten elaborado un Plan de Dinamización cultural para estes espazos.

Dende hai tempo as asociacións culturais e veciñais e as ANPAS veñen reclamando a creación destes espazos onde non existen, a apertura das infrautilizadas e a elaboración dunha programación de actividades acorde ás demandas da cidadanía deste concello.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción dos seguintes acordos:

## A C O R D O :

- **Dotar a todas as parroquias de Casa de Cultura.**
- **Realizar as obras de reparación, acondicionamento e mantemento das Casas de Cultura existentes e ampliar o horario de apertura das mesmas.**
- **Levar a cabo un Plan de Dinamización cultural organizando programacións específicas en todas as parroquias.**

Ribeira, 18 de abril de 2009

Asdo.: Francisco Ayaso Bretal

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**